



En cumprimento da normativa vixente, notifícolle que o Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo, dictou, o día 12 de setembro de 2017 o DECRETO Nº 17007899, que a continuación e literalmente se transcribe:

“Visto que con data do 09.07.08, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo nº 15/670 de aprobación das bases que rexerán a cobertura interina de prazas de funcionario do Concello de Lugo nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOP nº 170 do 24 de xullo de 2008.

Ditas bases foron modificadas polo acordo nº 7/378 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 27.06.2012 e publicado no BOP nº 171 de 26 de xullo de 2012

Visto que polo Decreto 16008537 do 09/11/2016 se resolveu convocar o proceso selectivo para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas funcionario/a na categoría de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión ordinaria celebrada o día dezanove de outubro de dous mil dezaseis, sendo o obxecto de dita convocatoria a elaboración dunha lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un/unha deles, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas funcionario/a na categoría de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial.

Una vez rematadas as probas de dito proceso selectivo e vista a proposta da Secretaria do Tribunal, de data 31 de xullo de 2017, publicada no Taboleiro de Edictos o día 1 de agosto de 2017 e páxina web desta Concello, do seguinte teor:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTAXE DE CANDIDATOS PARA A COBERTURA INTERINA DE PRAZAS DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO INDUSTRIAL:

Nº ORDE	Apelidos e nome	DNI	TOTAL
1	ROIBAS LÓPEZ OSCAR	33543940G	16,50
2	DÍAZ FERNÁNDEZ JAVIER	53540458T	13,86
3	MEIS FERNÁNDEZ ROSA ANA	35470137C	13,26
4	NOVO IGLESIAS XOSÉ CARLOS	33346118M	12,47

Contra a presente proposta, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local no prazo de un mes, a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello de Lugo, de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.”



PERSOAL

MLP/egp

Refº: 17notdrListaEnxeñeiroTecnicoIndustrial

Asunto: public.lista Enxeñeiro Técnico Industrial

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista para a cobertura interina, de prazas de funcionario/a na categoría de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, resultante do proceso selectivo convocado polo Decreto nº 16008537 do 09/11/2016, a cal, á vista da proposta da Secretaria do Tribunal de data 31 de xullo de 2017, publicada no Taboleiro de Edictos o día 1 de agosto de 2017 e na páxina web deste Concello, é a que a continuación se indica:

Nº ORDE	Apelidos e nome	DNI	TOTAL
1	ROIBAS LÓPEZ OSCAR	33543940G	16,50
2	DÍAZ FERNÁNDEZ JAVIER	53540458T	13,86
3	MEIS FERNÁNDEZ ROSA ANA	35470137C	13,26
4	NOVO IGLESIAS XOSÉ CARLOS	33346118M	12,47

Segundo.- Que se proceda á súa publicación na forma legalmente establecida, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa e que contra a mesma, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición podrá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

O que se lle notifica para o seu coñecemento e oportunos efectos pregándolle que asine o duplicado para a súa constancia no expediente.

Lugo, 13 de setembro de 2017
A XEFA DO SERVIZO DE PERSOAL,

Asdo.: Marta López Peña

RECIBÍN O DUPLICADO

13 SET 2017

DATA

TABOLEIRO DE EDICTOS